



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

ASUNTO: ALEGACIÓNS COMPLEMENTARIAS MOI IMPORTANTES sobre a Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto *Concesións de explotación "Emilita" nº 1221, "Ciudad de Landró" nº 1454 e "Ciudad del Masma" nº 1445, que forman o coñecido como "Grupo mineiro de Corcoesto"* (Cabana, Coristanco e Pontecoso; A Coruña) promovido por Río Narcea Gold Mines, SL, clave 2011/0169,

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

1. Que SGHN ven de ter acceso a un artigo de investigadores do Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC) e a Universidade de Vigo sobre os niveis de arsénico na bacía do río Anllóns (Costas et al., 2011) que aínda non estaba publicado na data das alegacións presentadas por SGHN ao proxecto de referencia.
2. Que mentres as concentracións habituais de arsénico nas rochas son de 0,5 a 2,5 mg/kg (Kabata-Pendias e Pendias, 1984) cun promedio na codia terrestre de 1-2 mg/kg (Matschullat, 2000), na área mineira de Corcoesto hai zonas de arsenopirita semimasiva con ata 100 g/kg (Costas et al., 2011), é dicir un 10% de arsénico, valores unhas 50.000 veces superiores aos habituais.
3. Que mentres os solos non contaminados raramente teñen máis de 10 mg/kg de arsénico (Krysiak e Karczewska, 2007) en Corcoesto hai zonas con ata 4 g/kg en horizontes superficiais de solos (Devesa-Rey et al., 2008), é dicir unhas concentracións 400 veces máis altas.
4. Que segundo os datos de Costas et al. (2011):
 - a. As concentracións de arsénico nas augas do río Anllóns aumentan 2,1 veces ao atravesar a zona de arsenopiritas na parte media da bacía (zona mineira de Corcoesto) ata acadar os 3,96 microgramos/litro, achegándose ao límite inferior (4,5 microgramos/litro) dos ríos europeos contaminados (Plant et al., 2003) e á metade do máximo admitido para augas potables establecido pola Unión Europea (Directiva 98/83/EC), a Axencia de Medio Ambiente dos EEUU (USEPA, 1975) e a Organización Mundial da Saúde (OMS/WHO, 2001). Ao mesmo tempo as concentracións de arsénico particulado nas augas incrementanse 1,7 veces.
 - b. O río Anllóns aporta anualmente alomenos 850 kg de arsénico ao estuario, a meirande parte do cal procede da zona de arsenopiritas de Corcoesto. Tendo en conta a superficie das respectivas bacías, a cantidade de arsénico que o Anllóns descarga anualmente no seu estuario (0,83 kg/s/km²) é maior que as de grandes ríos europeos que atravesan zonas moi poboadas e industrializadas (Támesis, Sena, Loira, Garona e Ródano: 0,44-0,64 kg/s/km²).
 - c. As concentracións de arsénico nos sedimentos do esteiro do Anllóns varían de 15 a 308 mg/kg, e poden clasificarse como contaminados (Hakanson, 1980) xusto despois da antiga área mineira de



Corcoesto e ao comezo da zona estuarina. **Dita contaminación “debe ser consecuencia de rápidos picos de fluxo do río Anllóns que poden transportar sedimentos de maior tamaño de partícula procedentes da zona mineira”**. De acordo coas directrices de calidade de sedimentos (Long et al., 1995), as concentracións de arsénico en 5 dos 12 puntos analizados no esteiro sobre pasan considerablemente o valor de 70 mg/kg a partires do cal sempre se observan efectos e polo tanto poden supoñer un risco ambiental.

5. Que aínda que en parte poda ser unha consecuencia natural da existencia de arsenopiritas na zona, algúns datos de Costas et al. (2011) apuntan a que as zonas de sedimentos máis contaminados son consecuencia directa da antiga explotación de ouro que agora se quere reactivar.
6. Que fronte a minería a pequena escala, a míúdo subterránea, practicada no pasado na zona de Corcoesto, o proxecto da compañía canadiana Edgewater Exploration Ltd pretende explotar a ceo aberto unha superficie de 773,6 ha, con posterior trituración das rochas e tratamento das mesmas con cianuro para extraer o ouro e logo con sosa cáustica e ácido clorhídrico para eliminar o cianuro e corrixir o pH. Xa que logo, o proxecto incrementaría enormemente a superficie de terreo exposta á intemperie e, polo tanto, a meteorización das rochas e a solubilización do arsénico que conteñen. Ademais, xeneraríanse anualmente 100.000 toneladas de residuos do procesado de rochas con cianuro/sosa/clorhídrico que, aparte de extraer o ouro, sen dúbida algunha acelerarán moitísimo a solubilización doutros elementos das rochas, entre eles o arsénico.
7. Que, polo exposto nos puntos anteriores, o proxecto de minería de ouro a ceo aberto da compañía Edgewater Exploration Ltd podería agravar a actual contaminación das augas do río Anllóns e os sedimentos do seu esteiro ata niveis inaceptables para a saúde humana e a conservación do ecosistema, incluídos os Lugares de Interese Comunitario existentes na zona (LIC ES1110015 Río Anllóns) e as súas inmediacións (LIC ES1110005 Costa da Morte; ZEPA ES0000176 Costa da Morte).

Por todo o cal,

SOLICITA:

1. **Que en aplicación do principio de cautela se anule a Declaración de Impacto Ambiental positiva** para o proxecto *Concesións de explotación “Emilita” nº 1221, “Ciudad de Landró” nº 1454 e “Ciudad del Masma” nº 1445, que forman o coñecido como “Grupo mineiro de Corcoesto”* (Cabana, Coristanco e Ponteceso; A Coruña).
2. Que, no caso de non desbotarse o proxecto, se esixa a elaboración dun novo Estudo de Impacto Ambiental do proxecto que inclúa unha simulación dos efectos sanitarios, económicos e ecolóxicos dos peores accidentes posibles;
 - a. A rotura das dúas balsas mineiras con vertido total ao cauce do río Anllóns da cantidade máxima de residuos que conteñan, incluíndo necesariamente o cianuro empregado na extracción do ouro e o arsénico contido nas rochas.
 - b. Verquido accidental das máximas cantidades de produtos tóxicos e perigosos almacenadas nas instalacións mineiras: 50 toneladas de cianuro, 50 toneladas de sosa cáustica e 30 toneladas de ácido clorhídrico.
 - c. O verquido accidental de produtos tóxicos e perigosos (cianuro, sosa cáustica e ácido clorhídrico)



durante o seu transporte ás instalacións mineiras.

Dita simulación é imprescindible á vista dos precedentes noutros casos de minería metálica a ceo aberto, por exemplo a rotura da balsa mineira en Aznalcollar.

3. Que, no caso de non desbotarse o proxecto, se esixa á empresa a contratación dun seguro de responsabilidade civil, nunha compañía de seguros radicada na Unión Europea e suxeita á lexislación da UE, para facer fronte a todos os danos previsibles de acordo coa simulación do punto anterior, na liña do establecido pola Directiva 2004/35/CE e a Lei estatal 26/2007 sobre responsabilidade medioambiental en relación coa prevención e reparación de danos medioambientais.

En Santiago de Compostela, a 17 de decembro de 2012

O Presidente da SGHN,

BIBLIOGRAFÍA CITADA

1. Costas M, Prego R, Filgueiras AV, Bendicho C. 2011. Land-ocean contributions of arsenic through a river-estuary-ria system (SW Europe) under the influence of arsenopyrite deposits in the fluvial basin. *Sci Tot Environ* 412-413: 304-314.
2. Devesa-Rey R, Paradelo R, Díaz-Fierros F, Barral MT. 2008. Fractionation and bioavailability of arsenic in the bed sediments of the Anllóns River (NW Spain). *Water Air Soil Pollut* 195: 189-99.
3. Directiva 98/83/CE del Consejo, de 3 de noviembre de 1998, relativa a la calidad de las aguas destinadas al consumo humano
4. Hakanson L. 1980. An ecological risk index for aquatic pollution control. A sedimentological approach. *Water Res* 14: 975-1001.
5. Kabata-Pendias A, Pendias H. 1984. Trace elements in soils and plants. Boca Raton, FL: CRC Press- 315 pp.
6. Krysiak A, Karczewska A. 2007. Arsenic extractability in the areas of former arsenic mining and smelting, SW Poland. *Sci Total Environ* 379: 190-200.
7. Long ER, Macdonald DD, Smith SL, Calder FD. 1995. Incidence of adverse biological effects within ranges of chemical concentrations in marine and estuarine sediments. *Environ Manage* 19: 81-97.
8. Matschullat J. 2000. Arsenic in the geosphere – a review. *Sci Total Environ* 249: 297-312.
9. OMS/WHO. 2001. Guidelines for drinking-water quality: arsenic in drinking water. Fact sheet 210. Geneva: World Health Organization.
10. USEPA. 1975. Preliminary assessment of suspected carcinogens in drinking water. Report to Congress. EPA number 560475003.